

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE MUGARDOS DUN TREITO ANTIGO DA ACTUAL AC-133 SITUADO NA SÚA MARXE ESQUERDA, DESDE O PQ 9+710 AO PQ 9+840 APROXIMADAMENTE, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO ASOCIADO

COMPARECE

Dunha parte, Joaquín Macho Canales, secretario xeral técnico da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Juan Domingo de Deus Fonticoba, na súa condición de alcalde do Concello de Mugardos, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

Que o Concello de Mugardos solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas a cesión das parcelas con referencias catastrais 1222702NJ6112S e 1222703NJ6112S expropiadas parcialmente para as obras de mellora da estrada AC-133.

As parcelas solicitadas atópanse integradas como dominio público viario asociado a un treito antigo da actual AC-133, entre os seus p.q. 9+710 ao 9+840, marxe esquerda, na zona denominada A Fonte Grande. A superficie do dominio público viario asociado ao treito antigo é de 2.445 m². A maioría desta superficie a conforma a franxa de terreo que separa o tronco antigo co tronco actual da estrada AC-133.



Mediante o Decreto 127/2022, do 30 de xuño, (DOG do 13 de xullo de 2022), a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o cambio de titularidade dun treito antigo da actual AC-133, situado na súa marxe esquerda, desde o punto quilométrico 9+710 ao punto quilométrico 9+840 aproximadamente, xunto co seu dominio público viario asociado.

ACORDOS ADOPTADOS

De conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia, formalízase o cambio de titularidade a favor do Concello de Mugar dos, xunto co seu dominio público viario asociado, de:

Denominación	Pq. de conexión	Coordenadas UTM (ETRS89) huso 29	Pq. de conexión	Coordenadas UTM (ETRS89) huso 29	Marxe	Lonx. Aprox. (m)
Treito antigo da AC-133 na Fonte Grande	9+710	X= 561.064 Y= 4.811.977	9+840	X= 560.965 Y= 4.812.009	Esquerda	136

O que en proba de conformidade asinan electronicamente,

A CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE P.D (Orde de 7 de
setembro de 2017 (DOG 20/09/201) O
SECRETARIO XERAL

O ALCALDE DO CONCELLO DE
MUGARDOS

Joaquín Macho Canales

Juan Domingo de Deus Fonticoba

ANEXO I . PLANOS



560.000

562.000

564.000

Transferencia a prol do Concello de Mugardos dun treito antigo da AC-133 xunto co seu DPV asociado.

- Eixo viario transferido ao Concello de Mugardos
- Puntos quilométricos
- Eixo viario transferido anteriormente ao Concello
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico
- Límite municipal do Concello de Mugardos


P.K. ou Inicio/Final da transferencia		UTM X	UTM Y
Inicio en Pk 9+710 marxe esquerda da AC-133		561.064	4.811.977
Final en Pk 9+840 marxe esquerda da AC-133		560.965	4.812.009

4.814.000

4.814.000

4.812.000

4.812.000



1:25.000


CVE: HnlwbfHleC1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



560.000

562.000

564.000



Transferencia a prol do Concello de Mugardos dun treito antigo da AC-133 xunto co seu DPV asociado.

- Eixo viario transferido ao Concello de Mugardos
- ▨ Superficie de DPV asociado transferida ao Concello segundo o deslinde do SP-AC (2.445 m²)
- Puntos quilométricos
- Liña de DPV actual da AC-133 segundo o SP-AC
- Eixo viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico

P.K. ou Inicio/Final da transferencia	UTM X	UTM Y
Inicio en Pk 9+710 marxe esquerda da AC-133	561.064	4.811.977
Final en Pk 9+840 marxe esquerda da AC-133	560.965	4.812.009

1:1.000

Pk 9+840 marxe esquerda da AC-133

Treito antigo

Pk 9+710 marxe esquerda da AC-133

CVE: HnlwbrfHeG1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

